



# É POSÍBEL UNHA EDUCACIÓN PERMEABLE Á CULTURA POPULAR?

**Xosé Manuel Cid**

A educación na súa primeira función social é transmisión da cultura das xeracións adultas aos máis novos, polo que o elemento esencial dos procesos educativos ao longo da historia tiña que ser necesariamente os saberes que cada comunidade vai creando e transmitindo de maneira natural ou de xeito máis ou menos inconsciente.

Cando e porque se rompe entón esa cadea de transmisión que nos leva a afirmar que o patrimonio cultural inmaterial galego-portugués se está perdendo de maneira preocupante nos últimos tempos? Que nos fai pensar que se precisan de medidas urxentes para a súa conservación, difusión e introdución nas institucións escolares e socioeducativas?

Paradoxicamente foi a xeneralización da escolarización unha das principais ameazas para o ensino das propias tradicións culturais. Algo que historicamente é unha conquista innegable para a elevación do nivel

cultural dos pobos e das persoas que o conforman, é tamén o principal perigo para a transmisión da cultura popular.

Isto pode explicarse polo papel desempeñado pola escola para a lexitimación dun determinado tipo de cultura, relegando ao nivel de incultura, o que non se axusta a ese patrón. Esta función ideolóxica do sistema educativo foino distanciando da cultura popular, mentres situaba como obxectivo principal a lexitimación e imposición dunha cultura dominante, allea aos nenos que frecuentaban a escola na Galicia rural, e negadora do valor intrínseco dos coñecementos que portan os estudantes cando chegan á escola, e de todo o sistema de cultura no que eses coñecementos se integran.

Esta cultura dominante vaise convertindo tamén nunha ideoloxía dominante, que ten nos propios docentes os principais defensores e executores, que ou ben non toman consciencia

do papel que están a desempeñar, ou instálanse na consciencia de que iso obxectivamente é correcto.

Tanto a educación escolar, como a que se programa en institucións de educación non formal, instalouse nese paradigma tecnocrático, desde o cal non se cuestiona a función ideolóxica que se desempeña, e só preocupan as técnicas que garanten eficacia na consecución duns obxectivos aos que se lle da un valor absoluto e obxectivo.

Só así se entende como, a pesares da proliferación de novas correntes de pensamento pedagóxico ao longo do século XX, estas non teñen a aceptación desexada no nivel da práctica educativa. Volvendo á cuestión que nos ocupa da cultura popular, na miña formación pedagóxica iniciada nos anos setenta puiden disfrutar das lecturas de obras extraordinarias de educadores que propugnaban a relación da escola co entorno, e mesmo contei con profesoras e profesores

**Os sons da Ponte**  
**XII Ponte... nas ondas! 2006**

**26 MAIO**      **24 HORAS DE PROGRAMACIÓN**  
 escóitanos en Internet  
[www.pontenasondas.org](http://www.pontenasondas.org)

Rádio Melgago · 88.5 FM  
 Rádio "Ecos da Raia" · 92.8 FM  
 Rádio Cultural de V.N. Corveira · 93.6 FM  
 Rádio Larouco-Chaves · 93.5 FM  
 Rádio Valença · 91.7 FM  
 Rádio Caminha · 106.2 FM  
 Rádio Montalegre · 97.5 FM  
 Radio Municipal de Tui · 107.4 FM  
 Rádio Ecca de Vigo · 96.5 FM  
 Radio Fene · 107.7 FM  
 Radio Allariz · 107.2 FM

**Desde Cuba:**  
 CMHW La reina Radial Santa Clara-Villa Clara  
 CMHS Radio Colaboran  
 CNTV Colaboran

**Colaboran:**  
**EMUGA**      Radio Galega  
 (Emisora Municipal Galega)

## Unha educación posible e urxente

Efectivamente, a tendencia do sistema educativo a desempeñar unha función reprodutora e favorecedora da cultura dominante non é lineal ao longo das décadas, pois en determinadas etapasponse en cuestión esa función, non só pola teoría pedagóxica, senón por accións de goberno determinadas ou pola acción de movementos de profesorado ou movementos sociais.

Por iso, introducir o estudo do Patrimonio Cultural Inmaterial no sistema educativo ou nas prácticas da educación non formal é unha tarefa posible, e tamén urxente, pois as condicións que hoxe fan posible esa práctica pedagóxica poden non ser tan favorables noutro momento. Estas mesmas expresións eran utilizadas por Rafael Grasa, (1984) referíndose á Educación para a Paz, antes incluso de que a lexislación educativa se referise aos eixes transversais. Foi precisamente esa chamada de atención, de alguén que dinamizaba un Seminario Permanente de Educación para a Paz en Badalona, unido á proliferación doutros escenarios favorábeis (xornadas, encontros, congresos, declaracións...) o que estimula aos lexisladores, aos colegas de profesión e á sociedade no seu conxunto.

En relación coa cultura galega, estamos no momento histórico en que alguén dixo que era urxente e posible. Posiblemente se veña dicindo desde hai tempo, sen que a idea teña moita acollida no mundo pedagóxico. Pero entendemos que, desde 1995, a iniciativa de Ponte nas Ondas, de conectar o mundo educativo coa cultura propia galego-

no Colexio Universitario que nos levaban de excursión a Chandrexa ou a Entrimo durante algún ponte da primavera, coa excusa de "realizar estudos antropolóxicos da aldea" na que ocasionalmente establecíamos o campamento.

Todo parecía evidente e fácil de trasladar ao ensino de xeito automático. Pero pasaron os anos e non facemos mais que constatar que o sistema educativo segue a desempeñar a súa función reprodutora da cultura dominante e segue a vivir de costas á cultura popular. As numerosas experiencias que tentan mudar a situación son illas nun océano no que o habitual permanece inalterable.

A esta función da escola veñen a contribuír de xeito multiplicador as tendencias globalizadoras neoliberais que predominan nos últimos anos, con novos medios de difusión e lexitimación mais poderosos aínda do

que foi a escola ao longo dos dous séculos pasados. A educación social que se consolida nas últimas décadas a través de múltiples institucións e programas tampouco se fixa como un dos seus eixes básicos o desenvolvemento da comunidade ó redor das súas potencialidades culturais e comunitarias, aínda que ese segue a ser o seu punto de partida teórico.

Neste panorama ten sentido formular a pregunta coa que titulamos este artigo. Unha pregunta semellante á que formulaba Moacir Gadotti (2007) nun Congreso de Pedagogía Social recentemente realizado en Allariz, Unha pregunta á que podemos responder afirmativamente, debido precisamente a ese bagaxe teórico. O feito de que a teoría non se vexa reflectida na práctica, non significa que non sexa posible en algún momento intentalo en novos contextos educativos formais ou non formais.

portuguesa, de sensibilizar á sociedade sobre o valor desta cultura, de protagonizar unha intensa actividade de difusión, especialmente a través da radio, internet e outros medios de comunicación, e de presentala como Candidata a Obra Mestra da Humanidade, diante da UNESCO, creou un escenario propicio para un traballo educativo mais grato no futuro en relación co patrimonio, e unha autoestima maior por parte dos portadores dese patrimonio.

A idea prendeu en moitos sectores sociais, cun papel central do sector educativo, pero con eco no mundo cultural –ao mais alto nivel do goberno galego-, no ámbito da investigación, da Universidade, do asociacionismo, da empresa e dos medios de comunicación. Desde esta plataforma nace o proxecto Ronsel, neste mesmo ano 2007, co propósito de elaborar e por en marcha o Plan Estratégico do Patrimonio Inmaterial, intentando involucrar no mesmo, a sectores políticos, técnicos, estudantes, portadores e demais protagonistas deste patrimonio.

Isto é realmente esperanzador, coa única salvidade da escasa implicación do sector educativo a niveis de decisión institucional, cunha aposta decidida por incorporar ao currículo o estudo, coñecemento, valoración e estima do patrimonio cultural, tanto a través de decisións normativas como a través de políticas favorecedoras deste principio pedagóxico, entre as que se encontra a política de formación inicial e permanente de profesorado. Na inicial, referíndonos ao ensino básico, hai tamén grande responsabilidade da Universidade, pero referíndonos aos niveis medios, as carencias nesa formación son moito mais acusadas, e falta esa

normativa reguladora que, dunha vez por todas, supoña unha verdadeira vontade política de reforma educativa.

### O camiño andado

Nesta conxuntura de ventos favorábeis, pero coa indiferenza da administración educativa, é importante que os movementos educativos e culturais non se desmoralicen e permitan suplir esas deficiencias normativas. Nun repaso, que fixo M. Atanes, dos desenhos curriculares base, publicados no DOG a principios do verán, para analizalos no debate do Plan Estratégico, arriba citado, encontrou que só algúns obxectivos das áreas de coñecemento do medio, de educación física e de educación artística, no nivel primario, fan referencia ao patrimonio. En secundaria, nas mesmas áreas, de xeito aínda mais superficial.

Ten que ser a iniciativa dos centros, a iniciativa dos colectivos de profesorado e das asociacións dinamizadoras do entorno da escola, as que se adianten aos lexisladores, e aproveiten as posibilidades que a lei permite, a través de temas transversais, autonomía dos centros, etc, para ir mais alá nunha educación centrada no entorno próximo, na recuperación cultural, transmisión e recreación da mesma.

Nesta liña teñen camiñado diversos movementos de renovación pedagóxica, desde antes do período democrático, e tense dado un salto cualitativo importante, a mediados dos noventa, coa posta en marcha do proxecto Ponte nas Ondas.

Ponte...nas ondas! é unha experiencia pedagóxica que na súa orixe



fomentaba a radio interescolar, co obxectivo de buscar elementos culturais transfronteirizos, e procurar pontes que eliminasen as barreiras de comunicación que se construíron con estas fronteiras, tanto entre pobos veciños da raia galego-portuguesa, como entre pobos máis afastados, portadores de elementos culturais e lingüísticos semellantes.

Naceu cos seguintes obxectivos, (Velo, 1996:57):

- ☛ Establecer unha ponte de comunicación con Portugal e os países de lingua e cultura portuguesa.
- ☛ Desenvolver accións de difusión e promoción da cultura galego-portuguesa.
- ☛ Difundir entre o alumnado o coñecemento da cultura portuguesa e viceversa, co obxectivo de fomentar o mutuo coñecemento da cultura común que nos une.
- ☛ Fomentar entre o alumnado o uso e a valoración da lingua galega e portuguesa e difundir no ámbito educativo a existencia do idioma galego e portugués.
- ☛ Fomentar o emprego dos modernos medios de comunicación entre o alumnado para conseguir cidadáns



con coñecemento crítico dos mesmos.

☛ Coñecer a radio como medio de comunicación, diferenciando a linguaxe e os soportes que emprega, e sendo capaz de apreciar criticamente os elementos de interese expresivo e estético.

☛ Desenvolver e fomentar o emprego das Tecnoloxías da Información e da Comunicación entre os xoves como un medio de comunicación útil e áxil.

Co andar do tempo, decidiuse ampliar a experiencia inicial, consistente nun día de radio interescolar, para que non fose só unha única xornada, senón que tivese proxección no currículo escolar e unha maior presenza nos centros educativos. A partir do ano 1997 propónse que cada nova edición se lle dedique a estudar e a divulgar un dos concellos do entorno. Así, no ano 97 divulgouse o Concello de Salvaterra de Miño, no 1998 estudouse Monçao, no ano 1999 foi para estudar Arbo e Melgaço, co gallo da inauguración da nova ponte entre as dúas localidades e no ano 2000 chegoulle a quenda a Tui e Valença do Miño. O equipo de organización subministraba ampla información sobre a localidade a estudar e con ela, en cada centro educativo elixíase o motivo

preferente (gastronomía, literatura, rotas turísticas, xeografía etc.) para desenvolver na programación cos alumnos e alumnas.

A edición do ano 1998 deu paso á retransmisión da programación a través de Internet, feito que permitía abrir a experiencia, a todo o mundo. E así lanzouse a proposta a través da Web e a compañía Telefónica encargouse de realizar a transmisión. Ponte... nas ondas! chegaba naquel ano a escolas de Cáceres, de Braga, de Sarria e mesmo á cidade de Pontevedra. Por correo electrónico aínda se fixeron novos contactos e ademais, comezou a interesarse pola experiencia, poderosos medios de comunicación: emisoras de radio de ámbito estatal, de Portugal e canais de televisión, ademais de participar novas escolas a través de internet, entre elas o Colexio Pedro II de Río de Janeiro. Comezaron a colaborar prestixiosos artistas na experiencia: **UXÍA** e **JOÃO AFONSO** gravaron no ano 2000 un tema conxunto para ser estreado en exclusiva durante a programación. "O cantar galego" de Zeca Afonso é o tema escollido para dar entrada a estas colaboracións artísticas. A eles sumáronse nos anos seguintes: Mercedes Peón, Dulce Pontes, Caetano Veloso, Chico Cesar, Filipa Pais, Milladoiro, Manu Chao, Pinto D'Herbón, Fausto, Daniela Mercury, Fuxan os Ventos, Gaiteiros de Lisboa, Treixadura, Xistra de Coruxo, Cabaquiños de Lovelhe...

No ano 2001 a UNESCO falla as primeiras proclamacións das Obras Mestras do Patrimonio Oral e Inmaterial e o eco destas proclamacións chega ao entorno de Ponte... nas ondas! que decide dedicar a VIII edición do ano 2002 ao

Patrimonio Oral e Inmaterial. Nese ano realizáronse nas escolas exposicións, murais, recolleitas de adiviñas, xogos tradicionais, receitas de meniña tradicional... e un amplo abano de actividades impulsadas a partir desta iniciativa. (Cid, Veloso, Feijoo, 2007). Tomase a decisión de iniciar a partir deste mesmo ano os trámites para presentar diante da UNESCO a Candidatura de Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, para que este organismo declarase este patrimonio cultural común como Obra Mestra da Humanidade. A complexidade da tarefa fixo que se establecese o horizonte da terceira proclamación prevista para o 2005 como marco dos traballos. (Veloso, 2007). Comezaron tamén as **Mostras da Oralidade Galego-Portuguesa**, que cada ano completaban o traballo escolar, cunha festa extraordinaria.

O traballo a prol da Candidatura, o incremento das colaboracións e a exposición "**10 anos unidos Ponte... nas ondas!!**", crearon unha alta motivación nos escolares e nos demais participantes nas edicións de 2004 e 2005. Foi o momento dun importante recoñecemento europeo: O EBLUL (European Bureau For Lesser Used Languages), organismo consultivo da Unión Europea e da UNESCO que se encarga de estudar e defender as linguas minoritarias, na reunión do ano 2004, que tivo lugar en Flesbourg (Alemaña), Ponte...nas ondas! foi convidada a presentar a experiencia. No Plenario do EBLUL, recoñeceuse por unanimidade que a experiencia era merecedora do maior recoñecemento, como experiencia innovadora que axuda á consolidación e desenvolvemento dunha lingua minoritaria e recoñeceu a experiencia como "**modelo de boas prácticas**".



O seguinte curso foi o da preparación da candidatura, con importante despregue de actividade, reflectida na páxina Web da Candidatura, [www.opatrimonio.org](http://www.opatrimonio.org), que se sumaba á web da propia asociación pedagóxica: [www.pontenasondas.org](http://www.pontenasondas.org).

Nesta altura a programación xa era de 24 horas, realizada desde nove estudos de radio e desde a Radio Galega. **Rádio Ecos da Raia de Monçao, Rádio Ines Negra de Melgaço, Rádio Cultural de Vilanova de Cerveira, Rádio Montalegre, Radio Municipal de Tui, Radio ECCA de Vigo, Radio Allariz, Emisora Escolar Casa da Cultura de Salvaterra de Miño, CMHW La Reina Radial del Centro de Cuba.** A maiores, a emisión puido seguirse a través de INTERNET.

O plantexamento foi o mesmo de anos anteriores. Cada escola, instituto ou facultade da Universidade escolleron ao principio do curso o tema que desexaron traballar, relacionado con algún aspecto do Patrimonio Oral e Inmaterial, simbolizado nunha árbore con cinco pólas dos ámbitos recollidos na Candidatura.

Así estudáronse e elaboráronse materiais sobre os curros, cantigas tradicionais, entroido, oficios, contos refráns...etc. que despois se concretaron nos programas radiofónicos. O 6 de maio de 2005 emitíuse a edición posiblemente máis importante da historia de Ponte nas Ondas. Un novo proxecto daba lustre á experiencia: **Meninos Cantores**. Unha nova faceta entra en Ponte...nas ondas, a edición e o traballo audiovisual. 17 centros educativos galegos e portugueses se involucrarán no proxecto. O estudo de gravación Casa de Tolos en Gondomar foi o aliado imprescindible que fixo que ao longo do curso 2004/05 se realizase este traballo. O resultado é o disco-libro-dvd. No mes de xuño de 2005 reunimos aos cincocentos participantes en **Meninos Cantores** na vella ponte de Tui e Valença e alí gravouse o vídeo-clip do tema central **Máis Perto**, composto especialmente para este proxecto por Uxía Senlle e Segundo Grandío.

Coa continuidade desta experiencia, e con novas propostas que xorden dentro e fóra do mundo educativo, hai futuro para o patrimonio, como reflectía o lema da edición de 2005.

## NOTAS BIBLIOGRÁFICAS

Carita, L.; Veloso, S. e Prado, X. (2005): *A tradición oral galego-portuguesa: Um patrimonio para o futuro*. Comunidade de Traballo Galiza – Norte de Portugal.

Cid, X. M.; Veloso, S.; Feijoo, X. (2007): "Ponte nas Ondas" en Cid, X. M. e Rodríguez, X.: *A fenda dixital e as súas implicacións educativas*. Santiago: Nova Escola Galega.

Gadotti, M. (2007): "Educar para un outro mundo posible". En Cid, X. M.; Peres, A.: *Educação, Animação Socio-cultural e Desenvolvimento Comunitário*. Allariz: Universidade de Vigo, Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro, SIPS.

Grasa, R. (1984): "Educar para a paz: una tarefa posible y urgente", *Cuadernos de Pedagogía*.

Veloso, S. (1996): "Ponte...nas ondas!". *Revista Galega de Educación*, 26, 55-59.

Veloso, S. (2007): "Identidades raianas", en Cid, X. M.; Peres, A.: *Educação, Animação Socio-cultural e Desenvolvimento Comunitário*. Allariz: Universidade de Vigo, Universidade de Trás-Os-Montes e Alto Douro, SIPS.



*BUCIÑOS: modelo para o monumento  
do milenario de San Rosendo en  
Celanova (907/1977).*

*Colección do autor.*

Foto Xavier Álvarez

**FRANCISCO XABIER LIMIA GARDÓN**

Natural da vila de Cea. É Dr. de Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, exercendo a docencia como profesor no Ensino Medio (Colexio Marista Santa María) e na UNED / Ourense. Membro fundador do “Grupo Francisco de Moure” para o estudo da arte de Ourense e do L.O.A.S. (Laboratorio Ourensán de Antropoloxía Social).